

POR PRINCIPIOS AGG

Non penso que nos tempos que corren algún político nos poda acusar os socios nin aos membros da Xunta Directiva da Asociación de Gaiteiros Galegos de ser políticos, ou de estar adoctrinados por ningunha tendencia política, pois penso modestamente que o malo da política non é ela mesma senón cómo a utilizan algúns.

Si nos preguntasen nunha entrevista de calquera reporteiro se seríamos capaces de vivir sen ela, a política, e o xeito de organizarnos moi poucos serían capaces de dar unha solución.

Pertenzo a esta causa desde os 18 anos cando a Asociación aínda non era mais que unha présa de boa xente de moitos puntos da Galiza de ben diversas idades e, a verdade, non lles preguntei qué relixión, credo ou inclinación política profesaban; moitos deles xa eran gaiteiros ou gaiteras no mais amplo sentido da palabra no outro réxime e considero que daquela tampouco lles preguntaron qué pensaban dos seus gobernantes nesa época pretérita onde estaban apuntados no “Frente de Juventudes”, nos grupos de “Educación y Descanso” ou nos grupos de “Falange” que se crearon para a reelaboración do folclore e do cal nacemos todos nós, bebendo naquelas fontes pero con moitas menos posibilidades de prosperar no mesmo medio que eles o fixeran anos atrás.

Podo citar unha anécdota que me pasou certo día en Ourense nun daqueles certames de gaiteiros e gaiteras que organizaba X.L. Foxo a pouco de facerse cargo da Escola da Deputación de Ourense e onde ibamos a actuar coas nosas escolas de toda Galiza e participaban tamén os mais afamados solistas e cuartetos, e estando aló na trastenda do escenario houbo alguén dos novos que alardeaba das súas viaxes polos mundos coa gaita ao lombo; pero alí estaban Miguel Paradela e a compañía, con aquel retrouso que o caracteriza, descendentes de saga de músicos de longa tradición en Coruña para recordarlle ao rapaz VIAXES ERAN OS DE ANTES botabamos vinte días na Arxentina, outros tantos en Montevideo e logo etc. etc. (tal vez non sexan exactos os datos pero aínda está presente quen nos pode ampliar aquela vida daquel tempo).

Do que eu coñecín desde eses comezos onde xentes coma Antón Corral, Xosé Seivane, Garrote de Ortigueira, os mestres Ricardo Portela e Enrique Otero (e que me perdoe Ricardo alí onde esté por poñelos xuntos), Polo de Vigo, Míngos, Carmela e os Parrado de Melide, Luciano e Xesús de Lugo mestres artesáns na Deputación e descendentes de Paulino Pérez unha das familias básicas no noso mundo, Moxenas e Xosé Manuel de Muxicas, Juanjo Fernández de Vigo, Xan Silvar de Raparigos de Ferrol, Pepe Ferreirós e Nando Casal de Faíscas do Xiabre e que me perdoen tantos outros que alí estiveron pero que non lembro.

Penso que a todos eles non se lles pediu afiliación política nin se buscaron no seo de ningunha idea concreta. O que si os moveu foi esa necesidade de unirse toda comunidade da música tradicional polas agresións que estaban a sufrir desde facía moito tempo e ante esas dificultades xuntáronse infinidade de veces para ir buscando un teito onde defenderse deso que nos Chove moitas veces.

Levou moitos anos chegar a onde agora estamos sempre co Norte ben claro e unha meta a perseguir no día a día.

Polo medio do camiño fóronnos poñendo tentacións a xeito de serpes, cesares ou de Tío Gilito nas cales foron caendo compañeiros e compañeiras como non pode ser menos nos tempos que corren, pero creo que non llo tomamos a mal e no fondo dos seus corazóns aínda senten por onde mamaron.

Esta novela seguirémola escribindo día a día pero antes quero comunicarlle a esas persoas que seguen a pensar na monocor desta cesta de defensores do mundo da gaita e da música galega que son benvidas a traballar connosco e a formar parte activa das decisións que estimen a ben tomar nese quefacer diario. Os nosos Estatutos están feitos con moito traballo e neles se reflicte toda a iniciativa daqueles pioneiros dos que falaba anteriormente, e a verdade é que en tódalas decisións que aquí se tomaron desde sempre participaron todos os socios e socias que o desexaron.

Neste ámbito está a reinar ese sentido de unidade que nos caracterizou desde o principio e desde agora mesmo coma sempre con toda a pluralidade que desexedes para todos e todas que desexedes continuar camiño connosco.

Non podo rematar estas letras sen referirme aos políticos para invitalos a que nos reciban con brazos abertos e sen recelos pois aquí esta gardado o bon saber destas cousas da gaita desde sempre. Nós, pola nosa parte, estamos a facer propostas para compartir e aledar coas nosas señas de identidade e a nosa música,

Un pobo está condenado a morrer cando perde a súa cultura.

Un cordial saúdo

Santiago Caneiro